

Bush, o electorado estadounidense e o engano relixioso

Jared D. Larson

Se examinásemos por separado os dous mandatos presidenciais de George W. Bush, poderíamos chegar á conclusión de que o primeiro, desenvolvido entre 2001 e 2005, caracterizouse pola influencia da relixión. Esa realidade foi quizais máis evidente xusto despois do 11-S, pero tamén durante toda a campaña electoral do 2004. O mandato actual, que chegará ao seu remate en xaneiro de 2009, sen dúbida está definido (e seguirao estando ata o final) polo abuso de poder do executivo. Non é unha coincidencia. O actual presidente estadounidense utilizou a relixión, é dicir, unha retórica relixiosa e a súa aparente relixiosidade, de maneira tan eficaz que moi no inicio da súa presidencia lle permitiu gañar a confianza da opinión pública. Ese capital político outorgoulle a Bush unha influencia sobre a política exterior que poucos presidentes anteriores tiveron a oportunidade de gozar, e derivou nunhas consecuencias de tal magnitude que nunca tampouco se coñeceran.

Non é preciso entrar nos detalles de como a administración Bush se valeu dos medios e abusou da confianza da sociedade estadounidense. Recentemente, *The New York Times* informou (baseándose en fontes novas) que Bush estaba determinado a ir á guerra contra Iraq en xaneiro de 2003⁽¹⁾. Poucos días despois, o Tribunal Supremo analizou un caso referente á legalidade dos xuízos militares *ad hoc* promovidos por Bush en Guantánamo⁽²⁾. En febreiro pasado, o Senado escoitou ao ministro de Xustiza, Alberto Gonzáles, que defendeu o dereito do presidente a facer escoitas e a espíar aos cidadáns estadounidenses, amparándose na Constitución e na resolución do Congreso que autorizou o uso da forza para combater o terrorismo⁽³⁾. Andando o tempo, comprobárase como reaccionaron o sistema xudicial e o corpo lexislativo a estas e outras cuestións, ao alcance do poder executivo.

O papel da opinión pública na elaboración da política exterior

Os resultados das eleccións de 2004 evidenciaron que o único órgano que pode exercer algún tipo de control directo sobre o presidente, o electorado, segue respaldando maioritariamente todas as políticas de Bush, algo que se vén reiterando en cada oportunidade desde setembro de 2001. ¿Por que? A resposta é bastante fácil:

(1) VAN NATTA, Jr.: *Bush Was Set on Path to War, British Memo Says*, *The New York Times*, 27/03/2006, p1.

(2) GREENHOUSE, Linda: *Justices Hint That They'll Rule on Challenge Filed by Detainee*, *The New York Times*, 29/03/2006, pA1.

(3) LICHTBLA, Eric e RISEN, James: *Top Aide Defends Domestic Spying*, *The New York Times*, 07/02/2006, p1.

o presidente é quen inicia a política exterior e o Congreso dá o seu visto e prace (sen cuestionala), habilitando os fondos necesarios para pagala. Como o Congreso case nunca se opón ao presidente, os votantes, que elixen ao presidente, son os únicos que, na práctica, poden poñer límites ao poder presidencial. É dicir, como o Congreso é un *rubber stamp*, os únicos que poden controlar o poder do presidente son os votantes pero, con todo, non o fan ou, cando menos, coa suficiente enerxía. E non o fan porque Bush se agocha detrás dunha retórica relixiosa e EUA é un país demasiado relixioso. Por iso, a opinión pública converteuse noutro *rubber stamp*. Por exemplo, dunha poboación de case 300 millóns de persoas, uns 100 millóns de estadounidenses escoitan a radio seguindo unha programación baseada no cristianismo⁽⁴⁾. Aprécianse moitas consecuencias indirectas desta realidade social no mundo político. Nos discursos do presidente Bush, é bastante difícil diferenciar entre relixión e nacionalismo. De feito, durante o seu primeiro mandato, Bush contratou a un redactor especial, Michael Gerson, coa misión principal de ir introducindo mensaxes relixiosas nos seus discursos⁽⁵⁾.

Esa desaparición da clara distinción entre a política e a relixión en EUA, debe resultar particularmente desconcertante. Se ben podemos concordar en que, en EUA, desde o final da Guerra Fría, a relixión superou á ideoloxía política como o principal factor que inflúe nos asuntos exteriores, en termos xerais, moitos pasan por alto o seu efecto na política exterior estadounidense. Non obstante, analizan como o Islam afecta ás políticas e posicionamentos dos países musulmáns cara Occidente. Durante os últimos meses, os estadounidenses preguntáronse por que houbo tantas manifestacións nas rúas de Beirut, Cabul e outras cidades por mor dunhas caricaturas de Maomé. Hai un par de anos, en EUA, había unha gran curiosidade acerca de por que terroristas islamitas atentaron en Madrid, chamando ao evento “o 11-S europeo”. En 2001, os estadounidenses preguntáronse: “¿por que nos odian?”. Pero segundo unha recente enquisa, só un 22 por cento da poboación opina que a relixiosidade dos EUA é o motivo do antiamericanismo no mundo⁽⁶⁾, mentres que un 58 por cento dos estadounidenses pensan que é necesario crer en Deus para ser unha persoa moralmente digna⁽⁷⁾.

As perigosas implicacións destas opinións, á parte dunha aparente carencia de coñecemento e sensibilidade respecto do que sucede fóra de EUA, suxiren que esa mesma opinión pública, que tamén é electorado, é responsable do actuar do goberno no seu nome. O que debe ser aínda máis perigoso é que os líderes políticos en Washington son sabedores de que a ignorancia é endémica na sociedade estadounidense, sobre todo en asuntos internacionais. Cando se escoita ao presidente, o principal arquitecto da política exterior americana, ofrécelles aos cidadáns pouco máis que

(4) PIORE, Adam: *A Higher Frequency*, Mother Jones, decembro de 2005, p50.

(5) The Economist, *God and American Diplomacy*, 08/02/2003, p52.

(6) *America's Place in the World 2005*, The Pew Research Center For The People and The Press and the Council on Foreign Relations, Washington, DC, 17/11/2005, pp11 e 75.

(7) KRISTOF, Nicholas D.: *Believe It, or Not*, The New York Times, 15/08/2003, p29.

mantras de medo e inseguridade con algunhas referencias a Deus para facer que se sintan seguros. Por exemplo, nun discurso de 38 minutos pronunciado en febreiro deste ano, o Sr. Bush usou as palabras “terror”, “terrorista” e “terrorismo”, 96 veces, ou máis de dúas veces e media cada minuto⁽⁸⁾. Quizais esa mensaxe constante baseada no medo é o que levou a un 46 por cento de estadounidenses a aprobar que o goberno puidera pinchar os teléfonos dentro do país sen pedir a autorización de ningún órgano xurídico⁽⁹⁾. Debido á existencia desas estrañas relacións entre a relixión e a política en EUA, e o presidente e a opinión pública, é oportuno considerar o papel do executivo na elaboración da política exterior estadounidense. ¿Por que o presidente goza dun claro monopolio no proceso? ¿Por que a opinión pública permitiu que o sistema acabase favorecendo tanto ao executivo? Non hai dúbida de que, segundo a Constitución, os poderes da política exterior compártense entre o presidente e o Congreso, pero a través da historia de EUA, desde a administración de George Washington, a práctica vén evidenciando un desprazamento do poder do Congreso cara ao executivo como consecuencia de máis dun fenómeno.

A ampliación dos poderes do presidente

Desde Washington, o presidente sempre reivindicou máis poder e responsabilidade dos que realmente lle atribuíu a Constitución. En primeiro lugar, en Washington se insiste en que o executivo é o máximo representante do país no estranxeiro. Se o presidente non puidera estar noutro país para representar ao Estado, debe enviar a un substituto da súa elección para exercer en representación do executivo. Washington fixo exactamente iso na última década do século XVIII cando enviou ao coronel David Humphrey á península ibérica para representar a EUA en España e Portugal. En segundo lugar, Washington mandou a John Jay a Inglaterra para que negociase o Tratado de amizade, comercio e navegación marítima de 1794 (que en EUA se coñece como o Tratado Jay), totalmente en segredo, sen transmitir información ao Senado. Aínda que o Congreso non participa na negociación dos tratados, se os congresistas non saben nada dun tratado, á hora de aprobar (ou non) a sinatura do presidente, o Congreso non ten outra opción máis que darlle o visto e prace á decisión previa do executivo. Por último, Washington instalou o costume de ser o presidente quen teña a iniciativa na elaboración da política exterior acerca dalgúns aspectos bélicos, cando declarou unilateralmente a neutralidade de EUA durante a Guerra franco-británica de 1793. Na práctica, o único que podía facer o Congreso foi aprobar un acto de neutralidade, de conformidade coa vontade do presidente.

(8) BUSH, George W.: *President Discusses Progress in War on Terror to National Guard*, 09/02/2006, <http://www.whitehouse.gov/news/releases/2006/02/20060209-2.html>.

(9) NAGOURNEY, Adam e ELDER, Janet: *New Poll Finds Mixed Support For Wiretaps*, The New York Times, 27/01/2006, p15.

Hogano, vense manifestacións de todos estes precedentes nas políticas da actual administración. L. Paul Bremmer declarouse o virrei estadounidense en Iraq, “*the president’s man*”, ou a man dereita do presidente. Parecería coma se non existisen tratados formais que regulan o sistema de cárceres secretas da CIA por todo o mundo, porque é evidente que o Senado non aprobou ningún tratado bilateral sobre o asunto, que loxicamente o executivo tería negociado pola súa conta. Acerca de asuntos bélicos, mentres Washington proclamou unilateralmente a neutralidade entre dúas potencias europeas, non é preciso comentar o papel propagandístico do actual presidente no comezo das guerras en Afganistán e Iraq. Dada a hostilidade da sociedade estadounidense desde o 11-S, avivada pola contundencia de Bush e a súa cháchara maniqueísta pseudo-relixiosa de “ou estades con nós ou estades cos malvados”, aparentemente, non lle deu ao Congreso ningunha opción máis que a de secundar sempre ao executivo.

Outro fenómeno que demostra o desprazamento de poderes facultativos cara o presidente na elaboración da política exterior pódese resumir nunha soa palabra: aquiescencia. Esta aquiescencia foi evolucionando desde os inicios da historia do país, pero aumentou a ritmo acelerado desde o fin da Segunda Guerra Mundial⁽¹⁰⁾. Xusto despois da II Guerra Mundial, esa aquiescencia se chamaba, como pediu a actual Administración Bush, “apoio” ou “respaldo”. O presidente Truman e os que lle seguiron, necesitaron apoio e respaldo durante os anos de incerteza que experimentaron as súas respectivas administracións: a incorporación do país á ONU, o plan Marshall e o desenvolvemento da Organización do Tratado do Atlántico Norte. A pesar do poder e a liberdade concentrados no executivo, é certo que todos eses logros non houberan sido posibles sen o apoio do Congreso⁽¹¹⁾. Pero este proceso converteuse na norma, e é por iso que o presidente insiste en que “sigamos o rumbo” en Iraq. El conta con todo o apoio posible, sexa do Congreso ou do electorado, para a súa política exterior. O presidente inicia a política exterior, e se fai falla, o Congreso a lexitima. E despois de lexitimala, o Congreso queda atrapado. Por exemplo, como case todos os que teñen a autoridade constitucional para suspender os fondos para as actuais desventuras militares estadounidenses aprobaron anteriormente a guerra contra Iraq, se calquera congresista se atreve a emendar o seu error previo, é dicir, a mudar de opinión, sería –e xa pasou–, atacados polo partido republicano por non apoiar ás tropas. Pero dada a responsabilidade electoral da cidadanía, é culpa de todos e cada un dos estadounidenses que o sistema funcione así.

O Congreso fixo aínda máis para se quitar certos poderes constitucionais no ámbito da política exterior cando, en 1947, aprobou *The National Security Act*. Esta aprobación provocou cambios tan fundamentais que o acto é considerado como un dos feitos que explican hoxe a supremacía do executivo. Esta resolución ampliou a maquinaria e consolidou o poder do executivo na área da política exterior. Moitos

(10) McCORMICK, James M.: *American Foreign Policy and American Values*, F.E. Peacock Publishers, Inc, Itasca, Illinois, 1985, p171.

(11) McCORMICK, James M.: *Op.Cit.*, pp173-174.

crían que as previsións desta resolución eran necesarias para aconsellar ao presidente, dadas as responsabilidades e os poderes dispoñíbeis nas súas mans á hora de elaborar a política exterior. Creáronse outras institucións que participan na política exterior, como o Consello de Seguridade Nacional e o Departamento de Defensa, e outras para a recollida de información, como a CIA. Todos estes organismos burocráticos funcionan baixo a dirección do executivo, con pouco control por parte do Congreso, e o presidente nomea aos altos funcionarios de cada estrutura, que pasan a traballar directamente con el. Algúns autores afirman que a natureza burocrática destas novas institucións novas serve para limitar ao executivo⁽¹²⁾, mentres outros nos lembran que, dada a capacidade do presidente para nomear a todos os que o rodean, esta estrutura concentra aínda máis poder nun só individuo⁽¹³⁾. A segunda hipótese parece ser a máis real no EUA do século XXI, dada a carta branca de que goza o presidente actual desde o 11-S. Proba diso é o descoido dos informes de intelixencia facilitados ao presidente Bush por parte de varios órganos do executivo durante os dous anos transcorridos entre as guerras de Afganistán e Iraq, e a manipulación dos mesmos para xustificar certas políticas (xa aplicadas) ante a opinión pública⁽¹⁴⁾.

Aparte dos numerosos precedentes que ampliaron o poder presidencial, existe unha xurisprudencia non moi exhaustiva, pero si importante, que tende a favorecer ao executivo á hora de definir os papeis na elaboración da política exterior. O caso de *Missouri v. Holland* de 1920, en particular, atura uns elementos semellantes ao debate político actual en EUA sobre a espionaxe interna que a Administración xustificou a través dunha iniciativa internacional, a guerra contra o terrorismo. ¿Cal é o límite da política exterior no ámbito interno? *Missouri v. Holland* ten que ver cos poderes presidenciais ante os poderes dos estados federais. Pero a cuestión dos poderes e dereitos dos estados individuais xurdiu do efecto interno dun tratado internacional, o que tamén afecta aos poderes do presidente e do Congreso. Como xa se dixo, segundo a Constitución, o executivo ten todo o poder para negociar e firmar tratados, pero a súa ratificación require a aprobación de dous terzos do Congreso.

Cando EUA celebrou un tratado con Gran Bretaña sobre aves migratorias, o Congreso adoptou unha resolución de conformidade co tratado. O Estado de Missouri protestou e declarou que o tratado non podía afectar aos dereitos de ningún dos Estados federais polo recollido na Décima Enmenda da Constitución: “Os poderes que a Constitución non delega aos Estados Unidos nin prohíbe aos Estados, quedan reservados aos Estados respectivamente ou ao pobo”. Fronte a este argumento, o Tribunal Supremo ditaminou que a décima emenda non podía limitar a liberdade do

(12) CLIFFORD, J. Garry: *Bureaucratic Politics*, en HOGAN, Michael J. e PATTERSON, Thomas G., eds: *Explaining the History of American Foreign Policy*, Cambridge University Press, Cambridge, 1991, p143.

(13) SMITH, Steve: *Perspectives on the Foreign Policy System: Bureaucratic Politics Approaches*, en CLARKE, Michael e WHITE, Brian: *Understanding Foreign Policy: The Foreign Policy Systems Approach*, Edward Elgar Publishing Limited, Hants, England, 1989, p117.

(14) PILLAR, Paul: *Intelligence, Policy, and the War in Iraq*, Foreign Affairs, marzo/abril 2006, pp15 e 25.

presidente para celebrar tratados en calquera ámbito. O Tribunal xustificou a súa sentenza co artigo VI, Sección 2 da Constitución, que di:

“...todos os tratados celebrados ou que se celebren baixo a autoridade dos Estados Unidos, serán lei suprema do país e os xuíces de cada Estado estarán obrigados a observalos, a pesar de que na Constitución ou nas leis de calquera Estado poidan existir preceptos contrarios”.

A sentenza sostivo que, dada a obriga de cumprir un tratado internacional, o Congreso ten que legislar sobre asuntos dos cales non podería se o tratado non existise. E como o presidente (que non está dotado de ningún poder legislativo) é quen negocia e asina os tratados, ao fin e ao cabo, as decisións do presidente, segundo a Constitución, son superiores aos poderes delegados aos Estados federais. Baseándose neste caso, definiuse esa capacidade do executivo como “poderes reservados” (*reserved powers*) do presidente⁽¹⁵⁾.

No contexto actual de espionaxe interna desenfreada, sen ningunha aparencia de control por parte do Congreso ou do sistema xudicial, comprobouse de feito como o executivo pode manipular canto queira á opinión pública e ao Congreso. Dada a mencionada xurisprudencia, e a presenza de dous novos xuíces designados por Bush no Tribunal Supremo, John Roberts e Samuel Alito, quen apoian unha ampliación do alcance dos poderes presidenciais, se algún caso sobre o programa de espionaxe interna chega a se presentar perante o Supremo, o xa mencionado argumento recentemente presentado ao Senado por Alberto Gonzáles para xustificalo, quizais, desgraciadamente, teña peso. Se calquera tribunal lle dese o visto prace ao programa, outorgaríase ao executivo aínda máis liberdade para legislar desde a Casa Branca normas con efecto indirecto interno a través dunha iniciativa internacional.

O máis desconcertante da presente situación é que a sociedade permitiu que así sucedera. Tanto por precedentes como pola propia xurisprudencia, a cuberto dos poderes legislativo e xudicial, respectivamente, viuse que todo presidente gozou da liberdade de facer o que queira en política exterior. Como os votantes non foron coidadosos, o presidente actual puido expandir esa liberdade, especialmente no ámbito interno, baixo a aparencia da obriga de protexer aos cidadáns estadounidenses en tempo de guerra. Ademais, fíxoo a través dunha lexislación que debía ter exclusivamente un alcance internacional: a autorización por parte do Congreso do uso da forza contra Afganistán. Esta realidade legislativa desenvólvese así porque George W. Bush chegou a manipular a única restrición que pode exercer un control efectivo aos poderes executivos na formulación da política exterior estadounidense. E esta non é o Congreso, non é a burocracia executiva, como os Departamentos de Defensa ou de Estado, nin moito menos é o Consello de Seguridade da ONU. É a opinión pública. Son, en definitiva, os electores. Dado que na práctica xa non hai ningún control burocrático ou governamental sobre o executivo neste ámbito, o presidente

(15) SHAW, Malcolm: *International Law*, Grotius, Cambridge, 1997, p117.

pode asustar aos cidadáns ata que lle ofrezan a súa compracencia, aquiescencia ou acordo total con calquera política que propoña. Pola súa inseguridade, en momentos de crise, a opinión pública demostrouse capaz de estar de acordo con todo. De aí, a concentración de tanto poder na figura do presidente e a liberdade de que goza no proceso da elaboración da política exterior, que aumentou ostensiblemente durante os últimos cinco anos e medio. Grazas á existencia dunha opinión pública maioritariamente cristián, ignorante das complexas realidades xeográficas, políticas e sociais que existen máis alá das súas propias fronteiras, cedeulle o control, que debía ter exercido en novembro de 2004, a un líder que dominou o discurso público.

O abuso da relixión e a manipulación da opinión pública

Pódese cualificar a relixión como unha das forzas máis poderosas e perversas que existen no mundo. O perigo que suscitan as personas e/ou os grupos que se desenvolven baixo a súa aparencia, probablemente, nunca foi tan claro, ao longo da historia, como agora. Dada a inestabilidade político-económica e os drásticos cambios culturais, evidentes, tanto na sociedade americana como na sociedade internacional, nun contexto de renacemento do fundamentalismo, tanto cristián como musulmán, chegamos a unha situación perigosa para todos⁽¹⁶⁾. As tradicións relixiosas son complexas e, en moitos casos, como no Islam e o cristianismo, esas tradicións desenvolvéronse como distintos sistemas de civilización, con dimensións económicas, militares e políticas diferentes para os seus respectivos crentes⁽¹⁷⁾. E dada esa importancia da relixión, e mesmo se existe un choque de civilizacións, é elemental preguntarnos: ¿que papel cumpre a relixión na política exterior estadounidense?

É evidente que a relixión si inflúe moito no posicionamentos internacionais de EUA⁽¹⁸⁾. Pero o que se vai examinar aquí é como se poden empregar as estruturas e doutrinas relixiosas como armas efectivas. Cando a xente é escravizada polas súas propias ideas, e cando se fai un esforzo cego para protexer as institucións relixiosas de ameazas externas, pode xurdir o conflito. Por mor da influencia e da complexidade da relixión, cando se interpretan as doutrinas relixiosas rixidamente, a posibilidade de que se desvirtúe o seu sentido auténtico, medra drasticamente. Por iso, así como debemos comprender os distintos sistemas políticos para intentar entender a actual situación internacional, tamén hai que tomarse en serio o papel da relixión, xa que é un compoñente esencial do escenario mundial⁽¹⁹⁾.

É hora de recoñecer a importancia da relixión nas relacións internacionais e aínda máis das consecuencias das accións que se adoptan no seu nome e como moi-

(16) KIMBALL, Charles: *When Religion Becomes Evil*, Harper, San Francisco, California, 2002, p4.

(17) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp19 e 23.

(18) LARSON, Jared D.: *O fundamentalismo evanxélico e a política exterior de EEUU*, Tempo Exterior nº 10, xaneiro-xuño 2005, Igadi, Baiona 2005, pp127-140.

(19) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp32-35.

tos se aproveitan dela, sistematicamente, para manipular á opinión pública por intereses políticos. Esta realidade, inquietante en EUA, que aumentou particularmente no mundo pos-11-S, provocou que o profesor e teólogo, Charles Kimball, nos propoña ata cinco sinais do abuso da relixión para conseguir fins políticos: as afirmacións absolutistas de natureza relixiosa, a obediencia cega, a esperanza do establecemento de (ou unha volta a) un tempo ideal, cando o fin xustifica os medios, e a declaración da guerra santa. Cando é evidente que un goberno ou unha autoridade emprega un destes instrumentos para xustificar ou apoiar unha política ou postura, é moi probable que estea usando perversamente e abusando da relixión. A continuación, examínase cómo en EUA, dada a concentración de poder no executivo para a elaboración da política exterior, existe un ambiente de debate que tende a permitir que o presidente manipule a opinión pública para gañarse o favor para as súas políticas.

Afirmacións absolutistas de natureza relixiosa

Os principios máis básicos de calquera relixión implican presuncións que esixen unha interpretación delicada e matizada. Adherirse a unha doutrina, tanto relixiosa como política, tende a servir para xustificar accións que se contradín coa mesma doutrina. Cando unhas afirmacións absolutistas chegan a ser elementos esenciais de calquera doutrina, o credo dos que veneran a doutrina convértese en ríxido e todos eles deixan de ser críticos da súa propia conduta. As consecuencias deste tipo de comportamento poderían ser devastadoras para todos os que entren en contacto con ela⁽²⁰⁾. Citamos, como exemplo, as palabras de Bush no seu discurso no acto de graduación de *West Point* (a principal universidade militar de EUA) en xuño de 2002: “There can be no neutrality between justice and cruelty, between the innocent and the guilty. We are in a conflict between good and evil, and America will call evil by its name. By confronting evil and lawless regimes, we do not create a problem, we reveal a problem. And we will lead the world in opposing it”⁽²¹⁾. Oito meses despois pregoou: “Detrás de toda vida e toda historia, hai certa dedicación e propósito, guiada pola man dun Deus xusto e fiable”⁽²²⁾.

Kimball dinos que cando conceptos desta índole maniqueísta chegan a formar parte dunha doutrina absolutista sobre a existencia de Deus e, aínda máis, cando tratan da vontade de Deus e o seu papel no mundo, a probabilidade de que haxa conflito e violencia en nome da relixión aumenta radicalmente⁽²³⁾. Cando os crentes dunha relixión participan de afirmacións absolutistas, sobre todo en tempos de crise e de guerra, estas poden formar parte esencial dunha estratexia propagandística. Esa

(20) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp41-46.

(21) BUSH, George W.: *West Point Commencement Speech*, 01/06/2002, <http://www.whitehouse.gov/news/releases/2002/06/20020601-3.html>.

(22) BUSH, George W.: *Declaracións do Presidente durante o almorzó de oración nacional*, 06/02/2003, <http://www.whitehouse.gov/news/releases/2003/02/20030206-1.es.html>.

(23) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, p49.

retórica relixiosa serve para demonizar e deshumanizar ao inimigo en nome de Deus. Non hai dúbida de que o presidente utiliza a relixión como o seu vehículo de comunicación manipuladora e de propaganda.

A obediencia cega

Kimball asegúranos que cando un grupo de persoas obedece cegamente a unha causa ou a unha ideoloxía relixiosa, é proba de que a relixión está sendo utilizada para manipular. Se as persoas renuncian á súa responsabilidade persoal ao seguir cegamente a un líder relixioso, aumentará a posibilidade de que haxa un conflito por causa da relixión. Os problemas tenden a agravarse aínda máis cando o líder dun deses grupos ten un poder sen restricións, un control total e uns seguidores que non o critican. Usualmente, cando hai unha concentración de poder, é posible que haxa un abuso dese poder⁽²⁴⁾. Cando as autoridades desalentan ou rexeitan as críticas dos demais, mentres exercen unha influencia social para que as persoas se axusten a unha doutrina ou a unha postura que eles mesmos elaboran, prodúcese unha situación infinitamente inquietante⁽²⁵⁾.

A pesar de que Kimball refírese aos grupos relixiosos, pódese aplicar a súa teoría ás estratexias de Bush para mobilizar á opinión pública en favor da súa política exterior. Bush, como líder político que é, emprega varias estratexias propagandísticas valéndose de recursos relixiosos. Non é un líder relixioso propiamente dito, pero incorpora algúns elementos que lle fan parecelo, como, por exemplo, a maneira en que se presenta aos grupos relixiosos. Fala o seu idioma, é un deles, e depende do seu apoio. Igualmente, a maneira en que fala da ameaza do mal e o papel de EUA como responsable para expulsalo do mundo, ten connotacións relixiosas. Os seus partidarios teñen dúas opcións: apoiar as políticas de Bush (a invasión de Iraq, por exemplo) ou non facer caso á vontade de Deus. Se non apoiar a Bush é darlle as costas a Deus, ¿que van facer os cristiáns? O presidente manipula a relixión para quitarlles aos electores a posibilidade de críticoalo a el e as súas políticas.

É responsabilidade de cada cidadán, e de calquera órgano, grupo ou goberno, tanto relixioso como político, avaliar o seu papel na sociedade nun contexto máis amplo. Pero canto máis afastado estea o individuo ou grupo da súa sociedade, máis posibilidades hai de que xurdan hostilidades, sexan relixiosas, políticas ou bélicas. É por iso absolutamente necesario asegurar que sexan respectadas por todos os protagonistas, as normas, os costumes ou directrices éticas vixentes no ámbito e no tempo en que existen⁽²⁶⁾. Desgraciadamente, máis de tres anos despois da invasión de Iraq, EUA aínda non avaliou o seu papel no mundo, nin sequera o seu papel como poder ocupante en Iraq. Quizais isto é así pola distancia ideolóxica que hai entre EUA e o

(24) KIMBALL, Charles: *Op. Cit.*, pp82, 84, 85 e 94.

(25) KIMBALL, Charles: *Op. Cit.*, pp89-90.

(26) KIMBALL, Charles: *Op. Cit.*, pp90-92.

resto do mundo, e porque a administración Bush prefere falar de reformas da ONU, coma se este fose o problema. Pero dentro do seu país, o presidente Bush conta co respaldo dos cristiáns extremistas, que realmente son os únicos que poderían desautorizalo e privalo do poder. Obviamente, non o fixeron en novembro do ano pasado. Agora, no seu segundo e derradeiro mandato, grazas ao apoio cego dos cristiáns fundamentalistas, Bush non ten por qué avaliar sinceramente o papel estadounidense no mundo.

O establecemento de (ou unha volta a) un tempo ideal

Outro sinal da manipulación da relixión preséntase cando un grupo agarda o establecemento ou unha volta a un tempo ou época ideal. Probas desa esperanza existen en moitas relixións e, como sinala este autor, non é unha idea necesariamente daniña. Os xudeus agardan polo Mesías, os cristiáns esperan a segunda vinda de Xesucristo. O problema xurde cando se declara abertamente que agora mesmo, no presente, son imprescindibles cambios drásticos, dadas as condicións horribles nas que vivimos, e sen que importen as opinións dos que se ven afectados⁽²⁷⁾. Existe máis perigo aínda cando esa esperanza se manifesta no ámbito político. Non é necesario mencionar como esas esperanzas afectan ás diversas políticas no Medio Oriente, pero tamén, o autor explica como a esperanza da volta a unha “América cristián” inflúe nas políticas de EUA⁽²⁸⁾.

¿Observouse que o presidente nos preparase para a invasión de Iraq no momento que el consideraba ideal? ¿Existe xa un cronograma para atacar Irán? ¿Por que os republicanos dinlle ao pobo estadounidense que é imposible volver á seguridade que tiña o mundo antes do 11-S, pero, ao mesmo tempo, pídenlle que apoie unha lexislación que ten, supostamente, esa finalidade? Quizais, a recente ira en contra do mantemento de seis portos en EUA por parte dunha empresa árabe ou contra a presenza de tantos inmigrantes indocumentados hispano parlantes nas rúas, son sinais pouco sutís de que moitos estadounidenses desexan que o seu país sexa menos diverso e máis coherente coas doutrinas da súa propia e estreita versión do cristianismo.

O fin como xustificación para os medios

En calquera institución ou ideoloxía auténtica e saudable, o fin e os medios deben estar vinculados. Na relixión, é moi fácil pasar por alto “as normas” dunha doutrina para conseguir a meta principal. Existe máis perigo aínda cando os medios

(27) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp104-105.

(28) Por algún motivo nostálxico, moitos cristiáns fundamentalistas, chamados *Reconstructionists*, queren “reconstruír” unha sociedade estadounidense baseada na Biblia, aparentemente como era cando se fundou a nación. KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp116-118.

relixiosos se superpoñen aos fins políticos. Esta situación é lamentable, pero hai que recoñecer que sucede con frecuencia e que os políticos, sobre todo ante unha opinión pública crédula, sempre saben cómo manipulala no seu favor⁽²⁹⁾. Por exemplo, como xa se mencionou, despois da caída do Muro de Berlín, a ideoloxía relixiosa converteuse na preocupación principal do mundo occidental. A partir do 11-S, o fundamentalismo islámico resultou un tema de extremada importancia para os estadounidenses, e aínda máis para os fundamentalistas cristiáns. Eles opinan que, sen dúbida, a situación actual é froito dun conflito entre relixións. Mentres algúns cristiáns referíanse ao Islam como fonte do terrorismo, o presidente nunca deixaba de presentar a Sadam Husein como a ameaza principal a EUA e seguidor do Islam⁽³⁰⁾. Dado que os estadounidenses tenden a descoñecer o que sucede fóra das súas fronteiras, resultou fácil que Bush conseguira o apoio da opinión pública, foran cales foran os seus verdadeiros motivos para iniciar a guerra contra Iraq.

Ademais, cando se crea unha situación de medo e inquietude, a opinión pública está disposta a relaxar a súa tolerancia cos límites respecto do que poidan facer os políticos. Despois do 11-S, moitos americanos sentían que estaba en perigo o seu “estilo de vida”. O presidente sinaloulles a ameaza: “Hoxe, nosos estimados cidadáns, o noso estilo de vida, a nosa mesma liberdade foron atacados nunha serie de actos terroristas deliberados e mortais”⁽³¹⁾. Kimball afirma que cando as doutrinas ou as institucións dun grupo están en xogo, as normas do sistema deixan de aplicarse con regularidade⁽³²⁾. Por exemplo, nunha situación na que os estadounidenses creen que existe unha verdadeira ameaza por parte de Iraq, o respecto ao dereito internacional deixa de importarlles. Aínda que Bush diga expresamente que as súas políticas non teñen que ver coa relixión, seguir falando en terminoloxía cristián é unha maneira indirecta de utilizar a relixión como instrumento político.

A declaración da Guerra Santa

Segundo Kimball é demasiado fácil, lamentablemente, chegar á conclusión de que existe un lazo indubidable entre a guerra e a relixión. A relixión serve como marco para as guerras porque en tempos de conflito, como mecanismo de propaganda, os líderes e os soldados tenden a incorporar unha causa relixiosa ao seu propósito. Pero, en calquera caso, se a relixión conta como factor bélico, aínda sen declarar a “Guerra Santa” abertamente, faise un abuso dela⁽³³⁾. A Guerra do Golfo de 1991 serve como exemplo dunha guerra que, en principio, non tiña nada que ver coa

(29) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp129-132.

(30) *Apparatus of Lies: Saddam's Disinformation and Propaganda 1990-2003*, The White House Office of Global Communications, 2003, pp20-22. Dispoñible en <http://www.whitehouse.gov/ogc/apparatus/>.

(31) BUSH, George W.: *Mensaxe do Presidente á Nación*, 11/09/2001, <http://www.whitehouse.gov/news/releases/2001/09/20010911-16.es.html>.

(32) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp143-144.

(33) KIMBALL, Charles: *Op.Cit.*, pp156.

relixión, pero na que a relixión entrou ao final no discurso cotiá estadounidense. A relixión tivo un papel na maneira en que a guerra foi tratada, apoiada ou rexeitada. O entón presidente Bush pai empregaba unha terminoloxía relixiosa para xerar o apoio da opinión pública. O 8 de agosto de 1990, cando pediu o visto e prace dos cidadáns para despregar tropas na rexión en disputa, dixo: “And I ask that in churches around this country prayers be said for those who are committed to protect American interests,” como se o pobo relixioso fora un axente ou, polo menos, un catalizador de Deus⁽³⁴⁾.

No caso da guerra máis recente, falábase da responsabilidade moral de se comprometeren para eliminar a agresión e a tiranía. A diferenza clave entre as posturas dos dous presidentes Bush é que, mentres Bush pai pediu o apoio de numerosos grupos relixiosos, como xa sinalamos, Bush fillo, coa súa forma de falar, non deixou outra opción aos cristiáns. Di indirectamente: “Ou estades comigo ou estades contra Deus”. Moitos comentaristas relixiosos expresaron a súa preocupación ante a presentación que fixo Bush fillo da súa postura respecto á guerra contra o terrorismo. A pesar de que Bush nunca dixo “o Islam é o inimigo de EUA” na guerra contra o terrorismo, ao ser abertamente cristián e o presidente dun país maioritariamente cristián, a linguaxe que emprega nos seus discursos pode facer perfectamente crible que os musulmáns se sintan demonizados, como branco da ira de todo o pobo estadounidense, o que provoca a inimizade do mundo árabe. O uso de “nós contra eles” e da palabra “cruzada”, aínda que só fose unha única vez, por parte do presidente, provocou unha forte reacción internacional. Bush nunca declarou a guerra santa, pero tampouco tivo en conta quen o podía estar escoitando, aparte do núcleo duro do seu partido, á hora de valerse da relixión.

Conclusiones

Pódese concluír destas observacións que durante toda a actual administración, mentres Bush insistiu en manter un hermetismo que non se vía desde Nixon, ao mesmo tempo, conseguiu de forma constante o apoio cego e unánime dunha opinión pública manipulada, en gran parte fundamentalista cristián, co obxecto de garantir a conformidade coas súas políticas. Empregar afirmacións indiscutibles de natureza relixiosa sobre a verdade absoluta mentres esixe a obediencia cega da sociedade é un claro abuso da relixión para conseguir fins políticos. Posto que o medo e a incerteza provocaron que a opinión pública estadounidense se relaxase aos límites do poder do seu goberno, tal engano foi aínda máis ofensivo no mundo pos-11-S. Cando Bush proclama que a vida de todos en EUA está en constante perigo de ataque por parte dos inimigos da liberdade, debese ter coidado porque, en momentos de

(34) KIMBALL, Charles: *Op. Cit.*, pp166.

crise, as doutrinas e institucións que regulan o funcionamento da sociedade deixan de aplicarse coa mesma regularidade.

Este excepcionalismo permitiu que o pobo estadounidense non cuestionase ao presidente cando este pasou por alto o dereito internacional e atacou a Iraq. Dada a concentración de poder en mans do executivo e o papel da opinión pública como único e derradeiro control sobre o presidente no proceso de elaboración e execución da política exterior de EUA, o uso dunha retórica relixiosa, establece unha conexión obvia entre a táctica e a práctica de Bush. Se ben Bush nunca declarou que as súas políticas teñan motivos relixiosos, como algúns alegaron, o que si é certo é que utilizou a linguaxe cristián como ferramenta indirecta, perigosa e pouco honrada. Esperemos que o próximo presidente estadounidense non exerza unha manipulación parecida. Despois de oito anos da actual Administración, cabe agardar un contragolpe electoral que debilite ao partido republicano. Existe a posibilidade que este proceso comece nas eleccións parlamentarias de novembro deste ano. En calquera caso, como o electorado elixe e ven sendo o único control real do alcance do poder presidencial, toda a responsabilidade recae sobre os seus ombreiros. Por iso, é obriga de todo elector cuestionar a manipulación do presidente e posicionarse electoral e democraticamente ante o poder do executivo. Por desgraza, en EUA, este fenómeno dáse en moi poucas ocasións cando depende da evolución dos asuntos internacionais.

Jared D. Larson é profesor na Emporia State University (Kansas, EUA).